


GUÍA AUTOGUIADA · 3 DÍAS / 2 NOITES

AVENTURA VERDE NOS ANCARES

Natureza, adrenalina e patrimonio industrial

Fornos mineiros, a Vía Verde do Eo, a Tirolina das Minas e o Pedregal de Irimia. A Pontenova e Meira ao teu ritmo.

XEODESTINO ANCARES TERRAS DE BURÓN



A EXPERIENCIA

Ferro, auga e aventura no val do Eo.

Entre os vales do Eo, antigas minas de ferro e frondosos bosques, A Pontenova ofrece unha maneira diferente de descubrir o territorio.

Aquí o patrimonio industrial convive coa aventura: antigos túneles ferroviarios convertidos en ruta para bicicletas, paisaxes de ribeira, fervenzas e actividades para coñecer a historia mineira desde outra perspectiva.

A escapada continúa ata Meira, onde o Pedregal de Irimia, o mosteiro e a gastronomía tradicional completan tres días de natureza e descubrimentos.

Que descubrirás

• Os fornos mineiros e a antiga estación da Pontenova.
• A Fervenza da Férrea, entre bosque e auga.
• A Vía Verde do Eo, con túneles e bosques de ribeira.
• A Tirolina das Minas, a actividade estrela.
• O Pedregal de Irimia e o Mosteiro de Meira.

Elixe as actividades que mellor se adapten a cada persoa: as de pagamento resérvanse directamente cos provedores.

A experiencia dunha ollada

DURACIÓN
3 días e 2 noites.

TERRITORIO
A Pontenova e Meira, con paso pola Vía Verde do Eo ata San Tirso de Abres.

TIPO DE EXPERIENCIA
Natureza, turismo activo e patrimonio industrial.

CONDICIÓN FÍSICA
Media. Dificultade baixa-media, variable segundo a actividade elixida.

ÉPOCA RECOMENDADA
Primavera, verán e outono, segundo as actividades.

TRANSPORTE
Vehículo propio.

PÚBLICO
Parellas, grupos de amizades e familias. Consulta cos operadores as condicións para menores.

ORGANIZACIÓN
Flexible. As actividades de pagamento resérvanse directamente con cada provedor.

OS TRES DÍAS DUNHA OLLADA

O itinerario dos tres días

DÍA 1

Ferro, auga e memoria

Fornos de Vilaoudriz
↓
Antiga estación
↓
Fervenza da Férrea
ou Navallas J. Rodil

DÍA 2

Aventura no val do Eo


Vía Verde do Eo en bicicleta
↓
Xantar libre
↓
Tirolina das Minas
(Pack Fornos)

DÍA 3

Meira: auga e historia

Pedregal de Irimia
↓
Mosteiro de Santa María
↓
Xantar libre e feira,
se coincide

PUNTOS DA EXPERIENCIA



Ligazóns a Google Maps

→ Día 1 · Fornos

→ Día 1 · Inicio da Férrea

→ Día 2 · Vía Verde do Eo

Desprazamentos e Vía Verde

Os desprazamentos entre A Pontenova e Meira realízanse en vehículo propio. O tramo proposto da Vía Verde do Eo percórrese en bicicleta ou a pé, de ida e volta polo mesmo trazado, polo que non é necesario contratar transporte de retorno.



DÍA 1 · PATRIMONIO INDUSTRIAL E NATUREZA

A Pontenova

A primeira xornada comeza na vila da Pontenova, historicamente ligada á explotación do ferro.

Os grandes fornos de Vilaoudriz, na Praza dos Fornos, e a antiga estación do ferrocarril que transportaba o mineral axudan a comprender a historia mineira do val.

Pola tarde, segundo a hora de chegada e a meteoroloxía, propoñémosche un paseo ata a parte baixa da Fervenza da Férrea.

Puntos do día 1

FORNOS DE VILAOUDRIZ
Praza dos Fornos. Visita exterior libre.

ANTIGA ESTACIÓN
Oficina de turismo. Consulta o horario antes da visita.

INICIO DA RUTA DA FÉRREA
Abrir inicio en Google Maps

FERVENZA DA FÉRREA
Acceso só a pé desde o inicio da ruta.

ALTERNATIVA Á FÉRREA
Navallas J. Rodil, só con cita previa (páx. 5).

RECOMENDACIÓNS

Estaciona só en zonas habilitadas, sen obstaculizar accesos nin a circulación. Na Ruta da Férrea utiliza calzado con boa adherencia, especialmente se o terreo está mollado, e non abandones a senda.

A PONTENOVA · PUNTOS DE INTERESE



→ Fornos de Vilaoudriz
→ Antiga estación
→ Inicio Ruta da Férrea
→ Fervenza (acceso a pé)

PATRIMONIO MINEIRO E NATUREZA

Fornos, estación e Férrea



Os fornos de Vilaoudriz son o símbolo da Pontenova. Neles tratábase o mineral de ferro extraído nas minas da contorna antes de cargalo no ferrocarril, que o levaba ata a costa. Pódense ver desde o exterior, paseando pola Praza dos Fornos.

A antiga estación lembra esa conexión entre minas e vía. Hoxe acolle a oficina de turismo, un bo lugar para informarte do estado das sendas.

A Ruta da Férrea achega ao visitante a unha contorna de bosque e auga ata a parte baixa da fervenza.

Información para a visita

RUTA DA FÉRREA
Paseo ata a parte baixa da fervenza.

INICIO
Curva de Torrentas (Foxas).

PARTE ALTA
Pendente forte. Só con experiencia e co terreo en bo estado.

DEPENDE DE
Hora de chegada e meteoroloxía.

IMPORTANTE

Recomendamos a parte baixa da fervenza como opción principal. Comproba o estado da senda na oficina de turismo.


Abrir inicio en Google Maps

Alternativa: Navallas J. Rodil

Se prefires unha alternativa á fervenza, podes coñecer este obradoiro artesanal de navallas en Muruais (A Pontenova). Visita só con cita previa: tel. 648 115 385.

Onde rematar o día

Aloxamento suxerido: Casona de Labrada, na contorna da Pontenova.



Día 2 · Entre túneles, bosques e antigas minas

Hoxe toca descubrir unha das paisaxes máis singulares do val do Eo. A antiga liña do ferrocarril mineiro, que transportaba o mineral desde A Pontenova cara á costa, converteuse nun itinerario perfecto para combinar natureza e patrimonio industrial.

A Vía Verde do Eo percorre unha paisaxe de bosques de ribeira, túneles e antigas infraestruturas ferroviarias. O seu trazado de pendentes suaves permite gozar da contorna tranquilamente, tanto a pé como en bicicleta.

Propoñémosche dedicar a mañá a percorrer en bicicleta un tramo da Vía Verde, regresando ao punto de partida polo mesmo camiño. Pola tarde, podes completar a aventura coa Tirolina das Minas, unha actividade que combina emoción e descubrimento do pasado mineiro da Pontenova.

VÍA VERDE DO EO



DISTANCIA
Uns 23 km ida e volta (11,4 km por sentido, A Pontenova–San Tirso de Abres).

PERFIL
Pendentes suaves.

DURACIÓN
Unhas 3 h de pedaleo, máis paradas.

RETORNO
Polo mesmo trazado.

→ **Inicio da Vía Verde**
→ **Extremo en San Tirso de Abres**

Os túneles da Vía Verde

Ao longo do percorrido atravesarás antigos túneles ferroviarios. Algúns poden presentar pouca iluminación, polo que é recomendable levar unha lanterna ou unha luz para a bicicleta. O paso polos túneles transitables forma parte do propio itinerario da Vía Verde e non require contratar un servizo de alugueiro.



Foto: Tirolina das Minas · Xesteco

Bicicletas e Tirolina das Minas

Para percorrer a Vía Verde podes levar a túa propia bicicleta, alugala na Pontenova ou facer un tramo a pé. A Tirolina das Minas é unha actividade de pagamento con reserva previa.

ALUGUEIRO	Bicis das Minas · Xesteco
TARIFA	20 €/bici · media xornada
INCLÚE	Casco e luz
RECOLLIDA	Praza do Concello
RESERVAS	633 248 835

OPCIÓN LIBRE E GRATUÍTA
Percorre un tramo da Vía Verde a pé ou coa túa propia bicicleta, adaptando a distancia ao tempo dispoñible. Sen reserva e sen custo.

Alugueiro de bicicletas: media xornada (4–5 h), con reserva previa no 633 248 835.

Actividade estrela · Tirolina das Minas

O Pack Fornos combina patrimonio mineiro e aventura: visita interpretativa ás instalacións ou minas previstas polo operador e tirolina. Duración aproximada: 3 horas. De 2 a 25 participantes. Temporada principal: primavera, verán e outono. Reserva con 8–15 días de antelación. Ás minas accédese co operador desde o punto de recepción na Praza do Concello.

Ver tirolinadasminas.com | **Chamar ao 633 248 835** | **Recepción en Google Maps**

TARIFAS DAS ACTIVIDADES (POR PERSOA) E CONDICIÓNS

Pack Fornos 30 € · Pack Fornos Plus 40 € · Tirolina básica 15 €. Para combinar bicicleta pola mañá e tirolina pola tarde, consulta os horarios ao reservar. Idade, peso, altura e acompañamento de menores: consulta co operador. Segue sempre as indicacións do persoal e utiliza o material de seguridade facilitado.

Organiza: Tirolina das Minas / Xesteco · Tel. 633 248 835



Pedregal de Irimia e Mosteiro de Meira

A última xornada achégate a Meira, onde a paisaxe granítica do Pedregal de Irimia, tradicionalmente vinculada ao nacemento do río Miño, dá paso ao patrimonio histórico do antigo mosteiro e á gastronomía tradicional.

Natureza, patrimonio e sabores, sen présas.

1 · Pedregal de Irimia

Paseo libre por unha singular paisaxe de grandes bloques de granito, tradicionalmente vinculada ao nacemento do río Miño. Un lugar de gran valor paisaxístico para camiñar sen présa. Utiliza calzado cómodo: o terreo pode ser irregular.

2 · Mosteiro de Santa María · acceso libre

O antigo mosteiro cisterciense conserva unha igrexa monumental. O exterior e a contorna vísitanse libremente, sen reserva nin custo. Para visitar o interior da igrexa, consulta previamente os horarios con Turismo de Meira (618 679 632).

→ **Mosteiro en Google Maps**

→ **Web de Turismo de Meira**

3 · Visita guiada · de pagamento

Opcional e de pagamento: visita guiada ao Mosteiro de Santa María de Meira, organizada por Turismo do Concello de Meira. Uns 75 minutos. Tarifas 2027: 3 €/persoa (1–4), 2,50 € (5–10) e 2 € (máis de 10). Reserva previa.

→ **Chamar ao 618 679 632**

4 · Xantar e feira tradicional

Xantar libre nun restaurante local (páx. 9). Se a túa viaxe coincide cun domingo de feira, podes achegarte á feira de Meira ou da Pontenova; só se celebra os domingos fixados no calendario de cada concello. A experiencia pode facerse calquera día.

Información práctica da xornada

Transporte: vehículo propio.
Pedregal: paseo libre.
Mosteiro: exterior de acceso libre; visita guiada de pagamento con reserva.
Xantar libre (páx. 9).
Feira: só os domingos de feira, segundo calendario.

MEIRA · PEDREGAL E MOSTEIRO



ONDE COMER E DURMIR

Sabores e descanso

A Pontenova e Meira reciben ao viaxeiro con cociña de tradición e casas onde descansar despois dunha xornada de aventura. Estas son algunhas propostas para completar a túa escapada; consulta horarios e dispoñibilidade e reserva directamente con cada establecemento.

A PONTENOVA

ONDE DURMIR

Casona de Labrada — 696 927 333
Aloxamento rural
casonadelabrada.com

MEIRA

ONDE COMER

Mesón Parrillada O Pozo — 982 330 408
Mesón e parrillada

ONDE DURMIR

Lar de Donas — 982 356 954
Aloxamento
lardedonas.com

Casa Cazoleiro — 606 133 151
casacazoleiro.com

CONSELLO

Reserva mesa con antelación, sobre todo en fin de semana e en tempada alta, e confirma os horarios de cociña.



MESÓN O POZO · MEIRA

INFORMACIÓN PRÁCTICA

Antes de viaxar

A escapada combina sendeirismo, bicicleta e unha actividade de aventura. Revisa estes consellos antes de cada xornada para gozala con seguridade e con respecto polo territorio.

Que levar

- Calzado cómodo con boa adherencia.
- Roupa adaptada á época e chuvasqueiro.
- Auga e algo de comida para as rutas.
- Lanterna ou luz para a bicicleta: algúns túneles da Vía Verde poden ter pouca iluminación.
- Na tirolina, a empresa proporciona o casco e o material de seguridade.

Reservas e condicións

- Reserva con antelación a tirolina, as bicicletas de alugueiro e a visita guiada.
- Consulta con cada empresa as condicións para menores.
- Comproba o estado da senda da Férrea antes de saír.
- Na Vía Verde, usa casco e circula con precaución nos túneles.
- Consulta a predición meteorolóxica: o tempo pode modificar as actividades.

112

EMERXENCIAS

Emerxencias: 112. Teléfono único de emerxencias, gratuíto e dispoñible as 24 horas.

Consultar a predición en MeteoGalicia →

Turismo responsable

- Leva contigo o lixo que xeres.
- Non fagas lume en ningún caso.
- Na Vía Verde, modera a velocidade e respecta a quen camiña.
- Respecta as propiedades privadas, os peches e o gando.
- Aparca sen obstaculizar camiños nin accesos.



CONTACTOS ÚTILES

Directorio

Toca cada ligazón para chamar ou abrir a web desde o teu móbil.

ACTIVIDADES E VISITAS

Tirolina das Minas · Xesteco

Tirolina, pack Fornos e bicicletas. Con reserva.

Tel. 633 248 835

xesteco.com

Turismo de Meira

Visitas guiadas ao mosteiro de Santa María de Meira. Actividade opcional, con reserva previa.

Tel. 618 679 632

Navallas J. Rodil · Muruais

Visita opcional, con cita previa.

Tel. 648 115 385

Turismo da Pontenova

Información turística municipal.

Tel. 982 342 101

INFORMACIÓN TURÍSTICA E EMERXENCIAS

Xeodestino Ancares Terras de Burón

Información turística oficial.

ancaresterrasdeburon.gal

MeteoGalicia

Predición meteorolóxica de Galicia.

meteogalicia.gal

Emerxencias

Teléfono único de emerxencias, 24 horas.

Emerxencias: 112

Restaurantes e aloxamentos: consulta a páxina 9. As reservas e os pagamentos realízanse directamente con cada establecemento.



MOSTEIRO DE SANTA MARÍA · MEIRA

XEODESTINO ANCARES TERRAS DE BURÓN



Grazas por vivir os Ancares en modo aventura.

Esta guía autoguiada é gratuíta. Aloxamentos, comidas e actividades contratables non están incluídos e resérvanse con cada provedor. Para viaxar acompañado ou con todo organizado, consulta as modalidades premium e guiada destas axencias:

NAVIAVENTOURS

Experiencias para parellas, venda individual de prazas e grupos.

naviaventours.com →

VOLTA MONTANA

Experiencias completas para grupos privados previamente constituídos de seis ou máis participantes.

voltamontana.com →

Máis experiencias en ancaresterrasdeburon.gal →

Fotografías: Xeodestino Ancares Terras de Burón.
Tirolina das Minas (páx. 7): Xesteco.
Actualización: novembro 2026.

XEODESTINO ANCARES TERRAS DE BURÓN
XUNTA DE GALICIA
Xacobeo 2027
galicia